



XUNTA DE GALICIA **Saída 484401 / RX 600735**
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 08/04/2021 14:18:13



GANADERIA CALO, S.C.
Teos, 33 - Quintans
15129 - VIMIANZO

Referencia: CFA 114/2019 – Servizo de Montes

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL DE CAMBIO DE ACTIVIDADE FORESTAL A AGRÍCOLA SOLICITADO POR GANADERIA CALO, S.C.

FEITOS

PRIMEIRO. D. Manuel Blanco López en representación de Ganaderia Calo, S.L. con data 2 de xullo de 2019, solicitou ante a Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en A Coruña o cambio de actividade forestal a agrícola das parcelas 370 e 373 do polígono 56, cunhas superficies de 0,22 e 0,07 hectáreas, no termino municipal de Vimianzo.

SEGUNDO. Con data 4 de xullo de 2016 solicitase a emisión de informe por parte do Distrito Forestal V.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia establece no artigo 60 o procedemento para os cambios de actividade forestal a agrícola. O artigo 8 da Lei establece que por administración ou órgano forestal se entende o órgano da Comunidade Autónoma con rango de dirección xeral ou secretaría xeral con competencia en materia de montes.

SEGUNDA. O Decreto 149/2018, do 5 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural no que se atribúe á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal a competencia para resolver os cambios de actividade forestal a agrícola. Por Resolución do 19 de xuño de 2013, delegase a competencia de resolución nas Xefaturas Territoriais da Consellería.

TERCEIRA. É tamén de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro.

CUARTA. O Distrito Forestal V emite informe o 9 de xullo de 2019, no que sinala que nas dúas parcelas vexeta unha masa de frondosas maiores de dez anos, das recollidas no anexo I da Lei de montes de Galicia. Ao tratarse dunha tala de masa forestal co propósito de cambiar a outro tipo de actividade do solo segundo dispón a Lei de Avaliación ambiental e necesario realizar unha avaliación ambiental simplificada. Sendo tamén necesaria a xustificación da actividade agrícola por parte do promotor.

QUINTA. O Servizo de Montes, con data 25 de setembro de 2019, require ao promotor a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada e o documento ambiental da actuación proxectada. En data 18/12/2019, o interesado solicita unha prorroga xa que no tempo estimado non pode cumprir co solicitado.

SEXTA. O solicitante aporta o 3 de xuño de 2020 a documentación requirida e necesaria para continua tramitación.

SÉTIMA. Consta no expediente acreditación do Servizo de Explotacións de data 19 de xullo de 2019, polo que a sociedade solicitante é titular do REAGA G-1509200296.





OITAVA. O 12 de xuño de 2020, trasládase todo o actuado ao Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, para a súa tramitación ambiental, na Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda.

NOVENA. O 12 de xuño de 2020, comunicase ao solicitante a suspensión do procedemento polo tempo que dure a tramitación ambiental, constando no expediente a súa notificación no mesmo día.

DÉCIMA. Recíbese neste Servizo de Montes o 30 de marzo de 2021, o **informe favorable de impacto ambiental** emitido pola Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

AUTORIZAR, o cambio de actividade forestal a agrícola das parcelas 370 e 373 do polígono 56, no termino municipal de Vimianzo para implantación de cultivos agrícolas, xa que dito cambio non interferiría no desenvolvemento forestal da zona, debendo observar en todo momento o disposto no apartado 4 de condicións ambientais do Informe de Impacto Ambiental simplificado, do cal acompaña copia con esta resolución.

Contra a presente resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña,
O Director Xeral de Ordenación Forestal
P.D. (Resolución do 19/06/13 DOG 01/07/13)
O Xefe Territorial
José Manuel Santos Maneiro

